

**Expediente número:** 7115/2023

**Resolución con número e data establecidos no marxe**

**Asunto:** Aprobación das Bases de participación no I Mercado Navideño do 2023/2024 no concello do Porriño

## DECRETO DE ALCALDÍA

**MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO**

Este concello, a través da concellería de cultura e dentro da celebración das Festas do nadal, quere celebrar o I Mercadillo Navideño 2023/2024 que estará situado na Praza do Cristo.

Neste mercado quere darse protagonismo aos produtos artesanais, decoración, alimentación, etc. sempre e cando estean relacionados coa temática do Nadal. Para elo, o concello poñerá a disposición dos participantes de 10 casetas de madeira que terán que ser decoradas por eles.

Tendo en conta da necesidade de aprobar unhas bases que rexan a convocatoria de participación e atendendo ao informe favorable de secretaria no que di no seu punto segundo "...sendo competencia de Alcaldía a aprobación tanto das presentes bases como do outorgamento de venda ambulante que motivada polo artigo 21.1º q) da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local que lle atribúe ao alcalde a competencia para o outorgamento de licencias e autorizacións".

### RESOLVO

Presentar aprobación ás seguintes bases de participación no I Mercado Navideño do 2023/2024 que son do seguinte teor literal:

### **BASES PARA A PARTICIPACIÓN NO MERCADO NAVIDEÑO DO 2023/2024 NO CONCELLO DO PORRIÑO**

O concello do Porriño organiza a celebración do I Mercadillo Navideño. Mercadillo no que queremos dar protagonismo aos produtos artesanais, decoración, alimentación, complementos, agasallos, entre outros produtos; todos eles relacionados coa temática do nadal.

Para poder participar neste mercadillo se aplicarán as seguintes BASES DE PARTICIPACIÓN

### **DATOS DO MERCADO**

**Entidade promotora:** o concello do Porriño

**Data de celebración:** do 18 de decembro do 2023 ao 7 de xaneiro do 2024.

**Lugar:** Praza do cristo

**Horario de apertura ao público:**



- De luns a xoves e domingos: 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 21:00 horas
- Os venres e sábados: de 12:00 a 22:00 horas
- Os días 24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro apertura só de mañá de 12:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 horas
- Pechado os días 25 de decembro do 2023 e 1 de xaneiro do 2024

## **BASES DE PARTICIPACIÓN NO MERCADO NAVIDEÑO**

### **PRIMEIRO.- INSTALACIÓNS**

O mercado navideño do concello do Porriño celebrarase entre o 18 de decembro do 2023 e o 7 de xaneiro do 2024 na Praza do Cristo onde se atoparan situadas 10 casetas de madeira.

O concello poderá cambiar as datas, modificar os horarios de apertura ou mesmo anular a celebración do mercado en caso de forza maior, sen que os participantes poidan presentar reclamación.

### **SEGUNDO.- PARTICIPANTES**

Poderán participar no mercado todas as persoas artesáns e comerciantes autorizados para a produción e/ou venda de produtos, sexan persoas físicas ou sociedades. Os participantes deben estar legalmente constituídos ou regularizados no réxime de traballadores por conta propia, segundo o caso.

A participación no mercado obriga á aceptación destas Bases de participación e das decisión que adopte a organización na súa interpretación, ou en todos os aspectos non regulados no articulado.

Para elo, os interesados poderán solicitar participar na opción A ou B. No caso de escoller a opción B deberá reflexar na súa solicite a orde de preferencia:

- a. Opción A: dende o 18 de decembro ao 7 de xaneiro.
- b. Opción B:
  - i. Quenda 1: do 18 ao 27 de decembro do 2023
  - ii. Quenda 2: do 28 de decembro do 2023 ao 7 de xaneiro do 2024

As solicitudes que non sexan seleccionadas pasarán a formar parte dunha lista de agarda que serán utilizadas para cubrir baixas e cancelacións.

Na selección dos participantes darase prioridade ás solicitudes para a exposición e venda de produtos específicos de Nadal, incluíndose alimentación, decoración de nadal e agasallos.

Pólo que unha vez pechado o prazo de solicitude, a organización levará a cabo a selección das persoas adxudicatarias dos postos, na procura do beneficio do conxunto do mercado, a variedade e calidade dos produtos á venda. No caso da existencia de varias solicitudes nos que teñan a exposición ou venda dos mesmos produtos seleccionárase por orde de rexistro.

Tras seren informados da proposta de adxudicación, os seleccionados deberán confirmar a súa participación e remitir á organización, no prazo que se fixe:

- Confirmación da participación.
- Xustificante de pago da fianza que se establece no apartado 14 das bases.



Os adxudicatarios responsabilízanse do cumprimento estrito de toda a normativa referida á venda polo miúdo, así como a normativa sanitaria, laboral e fiscal. O concello poderá comprobar de oficio se os adxudicatarios están ao corrente de pagos en Facenda tributaria, Seguridade Social, Facenda autonómica e coa propia entidade, se é o caso.

### **TERCEIRO.- SOLICITUDE**

A solicitude de inscrición (**Anexo I**) poderá descargarse na páxina Web do concello (<https://oporrino.org/>) ou no departamento Rexistro no Concello do Porriño dende o día da publicación destas bases.

Na solicitude de participación os solicitantes deberán describir de xeito pormenorizado os produtos á venda debendo de ir acompañada entre 3 e 5 fotografías representativas do produto.

A documentación que deberá axuntar xunto coa solicitude é a seguinte:

- Copia do DNI ou CIF, segundo o caso.
- Copia da última cota pagada do réxime de autónomos, se é o caso.
- Xustificante de que a sociedade/autónomo cumpre coa normativa laboral en referencia ao traballador ou traballadores que van atender o posto, se é o caso.
- Xustificante de alta no IAE.
- Póliza e recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil, que debe cubrir a súa participación no Mercado.
- Declaración responsable de estar ao corrente de pagos no concello do Porriño, Facenda tributaria, Seguridade Social e Facenda autonómica.
- Rexistro sanitario e copia da documentación que acredite estar autorizados para a elaboración e manipulación de alimentos, se é o caso.

Toda a documentación requirida será entregada no Rexistro Xeral do Concello do Porriño ou a través da sede electrónica deste concello dende o día da publicación. As solicitudes realizadas a partires desta data non serán autorizadas.

### **CUARTO.- PROCESO DE SELECCIÓN**

A participación no Mercado é de Balde para os adxudicatarios e visitantes. Unha vez adxudicados os postos e confirmada a participación deberán depositar unha fianza de 150 €, que recuperarán integramente ao remate do Mercado, sempre que non concorran algunha das seguintes causas:

- Cancen a súa participación, con independencia das causas.
- Produzan danos as casetas propias ou nas doutros adxudicatarios ou, en xeral, ao recinto no que se desenvolve a actividade. Se o importe dos danos producidos é superior ao da fianza, o adxudicatario deberá aboar a diferenza.
- Expoñan para a venda produto non rexistrado na solicitude de participación e aprobado pola organización.
- Non cumpran as normas e horarios de montaxe e recollida que fixe a organización.
- Non cumpran os horarios de apertura e peche ao público do Mercado recollidos nestas Bases ou os que, no seu caso, poida decidir a organización por causas de forza maior.
- Non deixen a caseta limpa e recollida e como lle foi entregada e sexa preciso contratar un servizo de limpeza.



- Non colaboren para favorecer o desenvolvemento do Mercado, sempre en beneficio do conxunto dos adxudicatarios e do público asistente.

#### **QUINTO.- OBRIGACIÓNS E PROHIBICIÓNS DOS ADXUDICATARIOS**

Os adxudicatarios están obrigados a decorar os seus postos con elementos naturais, relacionados co Nadal, e a expoñer o produto de xeito atractivo e ordenado. Na montaxe seguirase estritamente as indicacións da organización sobre os elementos de montaxe autorizados.

Dentro das casetas non se poderá cociñar ningún produto, salvo que para o seu cociñado se empregue utensilios eléctricos (exemplo: prancha, forno, etc.).

Os adxudicatarios deberán asumir os gastos dos danos e perdas, que poidan causar ao seu propio produto, casetas ou infraestruturas do Mercado proporcionadas pola organización. Por tal motivo, é recomendable ter os produtos asegurados.

A reprodución de música nos postos realízase cun volume axeitado, para non perturbar aos adxudicatarios contiguos nin a veciñanza, o adxudicatario é o único responsable do cumprimento da normativa vixente sobre dereitos de autor.

Os participantes deberán permitir que a organización filme os produtos expostos e autorice a utilización destas reproducións polo concello en publicacións, promocións oficiais, etc.



## ANEXO I.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

### DATOS DO SOLICITANTE (encher en maiúsculas)

NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL: \_\_\_\_\_

NIF/CIF/NIE: \_\_\_\_\_

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN: \_\_\_\_\_

TELÉFONO MOVIL: \_\_\_\_\_

CORREO ELECTRÓNICO: \_\_\_\_\_

### DATOS DO REPRESENTANTE

NOME DO REPRESENTANTE: \_\_\_\_\_

NIF/CIF/NIE E TÍTULO DE REPRESENTACIÓN : \_\_\_\_\_

### RELACIÓN CLARA E DETALLADA DOS PRODUTOS A EXPOÑER

### DESCRIPCIÓN DA DEMOSTRACIÓN ARTESANAL OU TALLER (no caso de ofrecer exhibicións)

### QUENDAS DE PREFERENCIA

- Quenda 2: do 18 ao 27 de decembro do 2023
- Quenda 3: do 28 de decembro do 2023 ao 7 de xaneiro do 2024.

**Comunica ao concello do Porriño a miña vontade de participación no I Mercado Navideño do 2023/2024 aceptando as bases de participación e Declaro que cumpro os requisitos fixados.**



Así mesmo, quedo informado e consinto, de conformidade coa lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos recollidos na presente solicitude de inscrición, serán incorporados a un ficheiro de responsabilidade do Concello do Porriño, coa finalidade de poder participar no Mercado Navideño.

O Porriño, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 2023

Asinado

**Para que conste aos efectos oportunos, libro a presente de orde co visto e praxe do Sr. Alcalde, no Porriño na data sinalada na marxe.**

